

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA**

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

2º ESO

CURSO 2019/2020

ÍNDICE

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1-AVALIACIÓN.

2.2.1-PROCEDIMIENTOS DE AVALIACIÓN

2.2.2-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.- METODOLOGÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

3.1-METODOLOGÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

3.2-MATERIAIS E RECURSOS

4.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Ao final de cada contido exporase, empregando as abreviaturas arriba indicadas no apartado titulado “Competencias a desenvolver na ESO”, a contribución da materia de Lingua castelá e Literatura en canto ás diferentes competencias.

No 3º Trimestre, valorarase se o/a alumno/a

1. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. **(CAA e CCL)**
2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa. **(CCL)**
3. Produce, en formato papel ou dixital, textos narrativos, didácticos ou poéticos. **(CCL e CD)**
4. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. **(CCL e CAA)**
5. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación. **(CCL e CAA)**
6. Recoñece , explica e analiza a oración simple e os seus compoñentes básicos. **(CCL e CAA)**
7. Recoñece textos escritos de diferentes xéneros literarios e os recursos literarios básicos. **(CCL e CAA)**
8. Recoñece os erros nas producións escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación. **(CCL e CAA)**

9. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. **(CCL e CCEC)**
10. Utiliza correctamente as normas ortográficas dadas. **(CCL e CAA)**
11. valora positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. **(CCL, CD e CAA)**

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NO TERCEIRO TRIM. CURSO 19-20

AVALIACIÓN.

- **PROCEDEMENTOS**

Para avaliar e cuantificar aos alumnos de 2º da ESO, teremos en conta:

- a) A actitude amosada ante a materia.
- b) A conexión e o traballo en clase, clase que no terceiro trimestre será de modo virtual
- c) A realización das tarefas encomendadas para ser realizadas fóra do centro. No terceiro trimestre será sempre de xeito virtual debido á imposibilidade de acceder ás aulas pola crise do coronavirus.
- d) A expresión escrita. No terceiro trimestre será expresión e comprensión escrita dado que a expresión oral resultaría complicada en canto posibilidades de comunicación fluida por parte de moitos alumnos.
- e) A elaboración de traballo individual. Non se farán traballos colectivos polos impedimentos de distinto tipo que se presentan no terceiro trimestre.
- f) O resultados de traballos escritas tales como comentarios de textos, exercicios de repaso, autoavaliacións e exercicios propostos pola profesora.

g) A lectura obrigatoria de libros e os controis presentados sobre dos mesmos. Un dos libros será o do segundo trimestre, que quedou pendente. Outro libro sería de xeito voluntario dependendo da accesibilidade que teña o alumnado.

- **INSTRUMENTOS**

- Farase o seguimento e control do alumnado de xeito telemático, xeral para a proposta de exercicios e individual para a corrección e aclaración de dúbidas.
- Para levalo a efecto contamos coa Aula Virtual e o correo propio de cada un dos participantes no proceso educativo.

CUALIFICACIÓN FINAL.

A avaliación vai ser sempre unha ferramenta que nos axudará a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. É por iso que vai ser decote o alumnado quen condicione o ritmo da clase. Xa que logo, é posible que haxa determinados contidos que, malia se traballaren nun trimestre, deben ser revisados no seguinte.

Dito esto, e dada a situación excepcional que se presenta no **terceiro e último trimestre** do curso 19-20, na **cualificación final** farase unha **media** do primeiro e segundo trimestre á cal se **engadirá** ata un máximo de dous puntos que serán o resultado do traballo enviado e interese mostrados pola materia ao longo do terceiro trimestre: exercicios de repaso dos oito temas dados, oito comentarios de texto (un por tema), oito autoavaliacións (unha por tema) e lectura do libro (proposto xa dende inicio de curso). En ningún caso se restará cualificación á media obtida nos dous primeiros trimestres. Estes traballos servirán de repaso e afianzamento, pero tamén servirán de **recuperación** para aquel alumnado que teña algunha das anteriores avaliacións suspensas.

Os aspectos que se medirán para corrixir e cualificar as diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión escrita (resumos, desenvolvemento de temas, redaccións, elaboracións de noticias, composicións, etc.) terase en conta a

corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a orixinalidade ou creatividade, a extensión adecuada, etc.

- Nas actividades de comprensión escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- No exame sobre o libro de lectura valorarase a comprensión do lido.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Dependendo de cómo se presente a situación sanitaria, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita (presencial ou virtual) na que serán avaliados os contidos das dúas primeiras avaliacións, na data e hora establecida desde xefatura de estudos. O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a 5.

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Para recuperar a materia de Lingua Castelá de 2º de ESO haberá dúas vías: ter superados o primeiro e segundo trimestres de terceiro de ESO ou facer unha proba telemáticamente antes de rematar o mes de Maio.

3.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE: RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN

METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

Segundo consta, todo o alumnado, con maior ou menor calidade, téñ conectividade co centro.

Para valorar o traballo do/a alumno/a, terase en conta:

- O caderno de traballo, no que figurarán todos os exercicios, coas correccións oportunas realizadas polo/a alumno/a. As imaxes do feito en dito caderno serán enviadas a través do correo electrónico e supervisadas e corrixidas pola profesora da materia. Teráse en conta orde, caligrafía, ortografía e contido dos exercicios.
- A atención e cumprimento das explicacións escritas a través da Aula Virtual e o correo electrónico que a profesora fará tanto de xeito comunitario como individual.
- Diferentes exercicios de expresión escrita: comentarios de texto nos que se repasarán conceptos dados nos oito temas dados no primeiro e segundo trimestre. Será un comentario por tema (oito en total), elaboración de exercicios postos pola profesora nos que se repasarán conceptos de gramática e ortografía dos oito temas dados no curso, exercicios de autoavaliación (un por cada tema dado, sendo oito en total).
- Os exercicios anteriormente citados teñen variedade suficiente para servir de **repaso e ampliación** do dado nas clases presenciais.
- Para aquel alumnado que tivese algunha das avaliacións anteriores suspensas, as actividades feitas neste trimestre servirán de **recuperación** xa que se volve a repasar o xa dado. Isto ocurrirá sempre e cando as fagan e envíen regularmente.
- A lectura do libro proposto do segundo trimestre, que quedou pendente e , se todos poden acceder a él, tamén a do libro do terceiro trimestre ou, no seu caso, un proposto de xeito voluntario. O exame será tipo test.

MATERIAIS E RECURSOS

- Entre os recursos empregados figuran: o libro de texto para a consulta de dúbidas; o caderno do/a alumno/a do cal manda as imaxes a través do correo electrónico; as actividades (Recursos incluídos no enderezo de internet da editorial correspondente) que envía a profesora da materia para a realización de traballos a través da Aula Virtual e a Web do colexio; as novas tecnoloxías; os libros de lectura recomendados e dicionarios.
- Lengua Castellana y Literatura, 2º ESO, Anaya, ISBN 978-84-678-5069-7

4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Todo o traballo proposto faise público por parte da profesora a través da Aula Virtual e da páxina web do Centro.

O envío dos exercicios xa feitos así como a súa corrección faise a través de correo electrónico. A comunicación cos pais tamén se fai por este canal (correo electrónico). Tamén se usa o mensaxeiro da Aula Virtual para dar avisos particulares a alumnos/as que o precisen.

PUBLICIDADE

A información xeral (Novas, páxinas Web, etc,) fanse a través da páxina Web do Centro.